

COUSAS DO IES

Boas, aquí van unhas cantas cousas que están a suceder no IES:

En principio, isto vai dirixido para os alumnos do IES, que son todos uns cornudos, porque aínda que hai xente que non se dá conta, os cornos xa non lles caben nin pola porta do IES. Atención, alumnos e alumnas do IES, se tedes moza/o, eu recomendaríavos que vos asegurádes de que vós non sodes unha desas parellas que non dá pasado pola porta do IES.

Un avisoño para os/as que lle están poñendo os cornos ao seu mozo/a, porque vos poden cazar, bonitiños. E, por suposto, se despois tedes chupóns...

E tamén aos/ás que o seu mozo/a non está xa no IES, que non pensen que por iso non se van decatar, porque non son tan tontos como parecen.

E non vos fiedes porque hoxe en día pódenvos poñer os cornos ata co voso mellor amigo/a... e se non, que llo pregunten a algúns/as... ben, mellor non, porque ao mellor aínda non se decataron.

Máis temas, como por exemplo a continua rivalidade e falsidade da xente.

Si, si, refírome ao típico amiguiña/o que en realidade non o é, o único que busca é deixarte quedar mal diante dos amigos, dos profesores e demais.

Se aínda non te deches conta de que no teu grupiño de amigos tes un coma ese, vai sendo hora de que abras ben os ollos porque calquera día fanche algunha falcatuada, así que sa sabes.

E, como non, os roubos no instituto:

Que aínda non che mangaron nada? pois prepárate, porque neste IES non hai quen se libre,

porque xa hai tantos ladróns que ata se rouban entre eles. ¡O que hai que ver!

Pero ademais en todos os cursos. Dentro de pouco xa non podes levar nada á clase, porque ata unha mísera goma... Calquera día rúbnavos a muda de ximnasia.

Pero o que tampouco é moi normal é a forma de actuar do profesorado, porque, claro, sempre van ao revés. Cando lle botan a culpa a un grupiño de ladróns, resulta que quen a ten é o outro grupiño xa coñecido, pero que neste caso líbrase e viceversa.

Outro temiña a tratar é que os "porretas" están a aumentar considerablemente no noso instituto. Ten coidado e non te enganches ti a eles.

E os de 1º e 2º de ESO, cos anos que teñen, vaia borracheiras que pillan algúns, e non deben ter pais, porque

a boas horas volven para a casa.

E tamén, a xente anda algo acelerada ultimamente, porque se sae con un, que se sae con outro, que se lía con un e con outro... entre amigos incluso, que total que mais da, non?, pois iso, a gozar. É que isto non sei onde vai rematar.

Por iso espero que a partir de agora tomedes máis medidas.

OLA QUERIDOS LECTORES DE INTRES!

Ola, neste artigo de Intres, a nosa revista do IES de Melide, quero por unha banda felicitar a algúns compañeir@s e por outra despedirme. Como xa sabedes, hai xente que marcha para o PIP ou porque xa lle chega a hora.

1º) Felicitar e desexar boa sorte aos meus compañeiros do IES e só dicirles que lles vaia moi, moi ben, aínda que de vez en cando non estaría mal coller os libros, ou facernos unha visita. (A aqueles que marchan de veras).

2º) Dicir un último adeus a aquelas persoas que marchan e tamén dicirles que o pasen moi ben e que aproveiten o tempo, cousa que non fixeron no IES.

Entre estas persoas que marchan, gustárame destacar principalmente a:

- Ma del Mar Roca Vázquez
- Yoli Cabo Pereiro
- Rubén Buján León
- Julia Magadán Currás

Todos eles compañeiros de clase deste ano. E tamén a:

- Jesús Carril Sánchez, compañeiro de escola e bo amigo agora.
- Cristina Sanguiao, boa amiga.

LEE ANN SARA GRACE

